PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 13/11/2024 10:15:46
Nº Rexistro: 3680
Data envio: 13/11/2024 10:15:46.601

PARLAMENTO DE GALICIA

En relación co seu escrito núm. de Rexistro 14233 no que presenta unha queixa e solicita desta Presidencia o respecto do establecido no Regulamento para o desenvolvemento dos debates con imparcialidade, así como o amparo diante da vulneración dos dereitos dos membros da Cámara, cómpreme informarlle, oída a Mesa da Cámara, do seguinte:

1º.- Esta Presidencia, con respecto á Constitución e ao Estatuto de Autonomía de Galicia aplica e fai respectar no exercicio das súas competencias previstas no artigo 31.1 do Regulamento as disposicións que regulamentan os debates que lle compete moderar.

2º.- No tocante á interpretación do artigo 76.1 do Regulamento da Cámara, como resulta sabido a valoración dos xuízos de valor ou inexactitudes correspóndelle á Presidencia dende a súa posición institucional e coas circunstancias descritas nese artigo. Como pode comprobarse da lectura do precepto non cabe réplica algunha no caso das alusións.

3º.- Respecto da aplicación do artigo 77.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia esta Presidencia entende que non resulta acaído posto que a súa aplicación cabe ”en calquera estado do debate” e o debate tiña xa rematado. En ningún momento da sesión nin no propio escrito núm. 14233 se cita o artigo ou artigos dos que se reclama a aplicación, sendo este último unha evidencia clara de que a intención da petición de palabra era replicar as alusións previamente concedidas pola Presidencia.

4º.- A moderación do debate do punto da orde do día correspondente ás preguntas ao presidente da Xunta, levouse a cabo con exquisita imparcialidade e respecto ao establecido no Regulamento da Cámara e aos dereitos dos seus membros. É deber da Presidencia evitar que os debates superen o ámbito do seu obxecto e interlocutores, sendo a única excepción a concesión das alusións cando a xuízo da Presidencia se produzan. Esta é a concepción do papel das presidencias das cámaras que ten remarcado o máximo intérprete da Constitución. Este proclama a ausencia de sometemento ao seu xuízo dos labores de moderación dos presidentes das cámaras parlamentarias (Autos do TC 9/1988 F.x.1 e 135/2004, F.x.6).

Santiago de Compostela, 13 de novembro de 2024

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente

Firmado digitalmente por Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente, email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.11.13 10:14:44 +01'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

CSV: REXISTRO-3waQzaEWA-9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL SAÍDA
Data asento: 13/11/2024 10:15:46
Nº Rexistro: 3680
Data envio: 13/11/2024 10:15:46.601

Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 13/11/2024 10:14:44

CSV: REXISTRO-3waQzaEWA-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/